

**EXTRACTO DA PROGRAMACIÓN
DE
LATÍN**

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

**IES POETA AÑÓN
CURSO 2022-2023**

Índice

1.	Procedementos e instrumentos de avaliación.....	2
2.	Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	2
3.	Obxectivos do curso	6
4.	Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias clave, temporalización, grao mínimo de consecución de cada estándar e procedementos e instrumentos de avaliación.....	8
5.	Adaptación da docencia á educación non presencial e semipresencial	25

1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos e técnicas que se empregarán para avaliar o progreso dos alumnos recóllense no seguinte cadro. No mesmo cadro tamén figuran os instrumentos de avaliación nos que se rexistrará a información relevante para a avaliación do rendemento académico dos alumnos.

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación
Técnica de resolución de problemas	Probas escritas.
Técnica de solicitude de produtos	Traballos e actividades individuais ou en grupo realizados na casa, na clase e na aula virtual.
Técnicas de observación	Caderno do profesor.

2. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta en cada un deles.

Apartados	Instrumentos de avaliación	Ponderación
A Técnica de resolución de problemas	Probas escritas (exames).	80%
B Técnica de solicitude de produtos	Traducións, esquemas, actividades de control, seguimento e repaso, comentarios, traballos (realizados na clase ou na casa) e cuestionarios da aula virtual.	10%
C Técnicas de observación	Cadro de observación e rexistro de incidencias da actitude do alumno na aula (caderno do profesor).	5 %
D	Ortografía das respostas das probas escritas.	5%

A) Técnica de resolución de problemas. Probas escritas

- Cada proba valorarse de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata un decimal. Especificarase en cada unha das probas a puntuación correspondente a cada pregunta.

- Realizaranse dúas probas por avaliación. A nota das probas escritas será o resultado da súa media aritmética. No segundo exame de cada avaliación poderán volver a avaliarse contidos que xa foron incluídos no primeiro exame.
- Os contidos procedimentais de morfoloxía, sintaxe e as regras de evolución fonética do latín da primeira avaliación son susceptibles de volver ser avaliados na segunda; e os da primeira e a segunda, na terceira avaliación.
- Sumarase 0,75 puntos á media das probas escritas por cada unha das lecturas voluntarias realizadas, sempre e cando a nota media das probas escritas sexa igual o superior a 4 puntos. A puntuación máxima alcanzable pola realización de lecturas voluntarias en cada avaliación será de 2 puntos.

B) Técnica de solicitude de produtos

- Todos os elementos avaliados neste apartado valoraranse de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata un decimal.
- A nota deste apartado será a media das cualificacións de todos e cada un dos elementos puntuables polo mesmo.
- Nas traducións indícarase a puntuación correspondente a cada uno dos fragmentos do texto.
- Nas actividades de control, seguimento e repaso especificarase a puntuación correspondente a cada exercicio.

Os traballos escritos valoraranse sobre 10 atendendo aos seguintes criterios:

	Puntos	Criterio de corrección
Presentación. Aspecto externo: pulcritude, limpeza, encadernación, respecto polas marxes, tipo de tinta (azul ou negra) e caligrafía (nos traballos manuscritos), tipo de letra Arial 12, espazo interlineal 1,5 Cm (nos traballos a ordenador), diferenciación adecuada dos apartados (portada, índice...) Extensión adecuada ás exixencias do traballo.	1	Se non se respecta algún dos elementos mencionados, a puntuación será de 0 puntos.
Estrutura. Debe conter obrigatoriamente as seguintes partes: portada, introdución, corpo, conclusión, bibliografía e anexos (optativo)	1	Se non se respecta algún dos elementos mencionados, a puntuación será de 0 puntos.
Ortografía, puntuación e corrección gramatical.	2	Restarase 0,5 por cada falta.
Adecuación, coherencia e cohesión.	1	Restarase 0,5 por cada falta.
Profundidade, rigor e exhaustividade no tratamento do tema.	4,5	A puntuación dividirase proporcionalmente entre cada un dos

		elementos e apartados demandados e restarase a parte proporcional por cada un dos elementos ausentes ou carentes de rigor, exhaustividade e profundidade no seu tratamento.
Respecto polos prazos de entrega	0,5	Se non é puntual, a puntuación será de 0 puntos.

As presentacións e exposicións orais valoraranse atendendo aos seguintes criterios:

	Puntos	Criterio de corrección
Coherencia, cohesión e adecuación.	1	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.
Vocabulario rico, variado e adecuado.	0,5	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.
Corrección lingüística.	0,5	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.
Capta a atención dos receptores e míraos durante a exposición.	0,5	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.
Pronuncia con claridade e cun volume de voz e velocidade adecuados. Exprésase con naturalidade.	0,5	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.
Ausencia de retrousos e repeticións innecesarias.	0,25	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.
Axústase ao tempo establecido.	0,25	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.
Emprega adecuadamente os medios auxiliares (se son pertinentes).	0,5	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.
Estrutura		
a. Introducción. Presenta o tema de forma clara, breve e motivadora.	0,5	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.
b. Corpo. Exposición das ideas. Avisa solvencia e confianza ao expresar os coñecementos, presentando a información precisa e pertinente para o desenvolvemento do tema.	5	A puntuación dividirase proporcionalmente entre cada uno dos apartados que deben ser tratados e restarase a parte proporcional por cada un dos elementos ausentes ou carentes de profundidade e rigor.
c. Conclusión. Contén as ideas principais da exposición	0,25	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.
d. Debate/Coloquio. Aclaración de dúbidas, respostas ás preguntas...	0,25	Se non é así, a puntuación será de 0 puntos.

C) Cadro de observación e rexistro de incidencias da actitude do alumno na aula (caderno do profesor)

Este apartado valorarase sobre 10 atendendo aos seguintes criterios:

Respecta ao profesor e a os compañeiros. Respecta as intervencións sen interromper. Deixa participar e intervir aos demais. Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando a opinión do resto.	3	Restarase 1 punto por cada falta.
Trae o material necesario á clase.	2	Restarase 1 punto por cada falta.
É puntual.	1	Restarase 0,5 puntos por cada falta.
Realiza diariamente as tarefas encomendadas.	4	Restarase 1 punto por cada falta.

D) Ortografía das respostas das probas escritas

A redacción das respostas das probas escritas valorarse sobre 10. Restarase 0,5 puntos por cada falta de ortografía, corrección gramatical, puntuación, coherencia, cohesión e adecuación.

CUALIFICACIÓN = Apartado A x 0,8 + Apartado B x 0,1 + Apartado C x 0,05 + Apartado D x 0,05

Cualificación das avaliacións trimestrais

Para superar cada unha das avaliacións, o alumno ha de acadar unha cualificación de 5 puntos (redondearase, de ser o caso, de maneira que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior, e ao anterior nos restantes casos).

Probas de recuperación

- O alumnado que na avaliación obteña unha cualificación inferior a 5 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación.
- A nota obtida na proba de recuperación representará o 100% da cualificación.
- Enténdese que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos.
- Para o cálculo da cualificación final, terase en conta a cualificación máis alta das dúas: a da avaliación ou a da recuperación correspondente.

Criterios para determinar a cualificación final

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais.

Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado o redondeo, se fose o caso, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. Para o redondeo, o decimal asimilarse ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior, e o anterior nos restantes casos.

No caso de que a nota media sexa inferior a 5 puntos realizarase un exame de recuperación da avaliacións ou avaliacións suspensas. Para a media final, terase en conta a nota máis alta, a da avaliación ou a da recuperación correspondente.

O período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final dedicarse á realización de dous tipos de actividades:

- a) Cando a media aritmética das tres avaliacións sexa inferior a 5, o alumnado realizará actividades de repaso e reforzo destinadas á preparación da proba escrita de recuperación da/s avaliación/s suspensa/s.
- b) Cando a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5, o alumnado realizará tarefas de repaso e ampliación. Se o alumnado completa as actividades asignadas cunha cualificación positiva (superior a 5 puntos), sumará 0,5 puntos á cualificación medias das tres avaliacións anteriores (cualificación previa ao redondeo); o resultado desa suma (co correspondente redondeo) será a nota que figurará na avaliación final.

1. OBXECTIVOS DO CURSO

- Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.
- Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
- Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.
- Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.
- Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
- Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.
- Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronunciación en latín.
- Identificar e distinguir os formantes das palabras.
- Distinguir e clasificar tipos de palabras.
- Comprender o concepto de declinación e conxugación.
- Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.
- Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.

- Coñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.
- Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
- Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.
- Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán
- Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
- Distinguir as oracións simples das compostas.
- Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.
- Coñecer os fitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
- Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.
- Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros
- Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
- Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferencias entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
- Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.
- Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.
- Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.
- Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
- Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
- Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.
- Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.
- Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.
- Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
- Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.
- Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.
- Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto adecuado.

2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA ESTÁNDAR E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Latín. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª avaliación ▪ Unidades 2 e 3 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sitúa nun mapa a cidade de Roma e os seus límites. ▪ Sitúa nun mapa a expansión territorial de Roma durante a Monarquía, a República e o Imperio. ▪ Localiza a Muralla de Lugo, a Torre de Hércules, Mérida, Itálica, Complutum, Caesaraugusta, a Vía da Prata e As Médulas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª avaliación ▪ Unidade 2 	<ul style="list-style-type: none"> Define o indoeuropeo. Reconece as linguas indoeuropeas modernas do grupo báltico, eslavo, grego, itálico, germánico e celta e as súas familias. Delimita nun mapa a súa zona de orixe e as zonas de expansión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas

Latín. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1 ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> O ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª avaliación ▪ Unidade 2 	<p>Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa e diferencia as indoeuropeas das non indoeuropeas.</p> <p>Clasifica as linguas indoeuropeas de Europa en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1 ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª avaliación ▪ Unidade 2 	<p>Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª avaliación ▪ Unidade 1 	<p>Coñece e identifica palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos a partir do termo de orixe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación ▪ Unidades 2 a 10 	<p>Coñece e aplica as normas fonéticas de evolución do latín ao galego e castelán:</p> <p>A perda de –m final e apócope de –e final.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas

Latín. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
	ao galego e ao castelán.	castelán, partindo dos étimos latinos.				A evolución da -u final átona e s-inicial ante consoante . Os ditongos latinos <i>au, ae e oe</i> As oclusivas xordas latinas intervocálicas. As consoantes xeminadas latinas. Os grupos -ns-, -gn-.ll- e -nn- latinos. As oclusivas intervocálicas e grupos consonánticos. O <i>o</i> breve tónico latino e <i>e</i> breve tónico latino. Grupos iniciais latinos cl-, fl- pl- e grupo intermedio -ct-. Grupos latinos -cul- ti e -li- Vogais átonas postónicas e f- inicial latino ante vogal.	
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos							
▪ e	▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	▪ LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	▪ CD ▪ CCEC	▪ 1ª avaliación ▪ Unidade 1	Coñece as características dos sistemas de escritura pictográfica, ideográfica, silábica e alfabética.	▪ Probas escritas
▪ e	▪ B2.2. Orixes do alfabeto latino.	▪ B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os	▪ LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha	▪ CAA ▪ CD	▪ 1ª avaliación ▪ Unidade 1	Coñece a orixe e evolución do alfabeto: o alfabeto cuneiforme, o fenicio, o grego e o latino.	▪ Probas escritas

Latín. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
		tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.			Reconece os alfabetos usados actualmente en Europa e relaciónaos coas linguas en que se empregan.	
▪ h	▪ B2.3. Pronuncia do latín.	▪ B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	▪ LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	▪ CCL	▪ 1ª avaliación ▪ Unidade 1	Coñece as principais normas de pronunciación do latín: a regra da penúltima sílaba; vogais largas e breves; os ditongos <i>ae</i> , <i>au</i> e <i>oe</i> ; as grafías <c>, <g>, <h>, <ch>, <rh>, <th>, <qu>, <u>, <x>, <z> e <ll>	▪ Proba oral
Bloque 3. Morfoloxía							
▪ b	▪ B3.1. Formantes das palabras.	▪ B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	▪ LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	▪ CMCCT ▪ CCL	▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación ▪ Unidades 2 a 10	Segmenta palabras en constituíntes morfolóxicos: lexemas e morfemas (derivativos e flexivos).	▪ Probas escritas
▪ e	▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	▪ B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	▪ LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	▪ CAA ▪ CCL	▪ 1ª avaliación ▪ Unidade 2	Diferencia xustificadamente as palabras variables e invariables.	▪ Probas escritas
▪ e ▪ b	▪ B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	▪ B3.3. Comprender o concepto de	▪ LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	▪ CAA ▪ CCL	▪ 1ª avaliación	Define declinación e conxugación.	▪ Probas escritas

Latín. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
		declinación e conxugación.			<ul style="list-style-type: none"> Unidades 2 e 4 		
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Flexión nominal: substantivos, adxectivos e pronomes. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª, 2ª e 3ª avaliación Unidades 2 a 10 	<ul style="list-style-type: none"> Enuncia correctamente e declina palabras das cinco declinacións. Identifica a categoría e declinación á que pertence un substantivo ou adxectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas
			<ul style="list-style-type: none"> LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª, 2ª e 3ª avaliación Unidades 2 a 10 	<ul style="list-style-type: none"> Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Flexión verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª e 3ª avaliación Unidades 4 a 9 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as conxugacións latinas e clasifica os verbos a través do seu enunciado. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas
			<ul style="list-style-type: none"> LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª e 3ª avaliación Unidades 4 a 9 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece e identifica cada unha das formas que compoñen o enunciado dun verbo. Recoñece a partir delas o tema de presente, perfecto e supino, e a conxugación á que pertence cada verbo. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas

Latín. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
						<ul style="list-style-type: none"> Analiza morfoloxicamente formas verbais. 	
<ul style="list-style-type: none"> e b h ñ o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Flexión verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto. 	<ul style="list-style-type: none"> LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª e 3ª avaliación Unidades 5 a 9 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica e conxuga as formas derivadas do tema de presente e do tema de perfecto. Recoñece e conxuga en voz activa o modo indicativo. Recoñece en voz pasiva o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas
			<ul style="list-style-type: none"> LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª avaliación Unidade 9 	<ul style="list-style-type: none"> Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas
			<ul style="list-style-type: none"> LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª avaliación Unidade 10 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas
			<ul style="list-style-type: none"> LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª e 3ª avaliación Unidades 5 a 10 	<ul style="list-style-type: none"> Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas
Bloque 4. Sintaxe							

Latín. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
▪ f	▪ B4.1. Elementos da oración.	▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	▪ LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	▪ CMCCT	▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación ▪ Unidades 2 a 10	▪ Identifica a función sintáctica que desempeñan as palabras nunha oración ou texto. Identifica os morfemas flexivos presentes nas palabras dun texto ou oración. Analiza morfolóxica e sintacticamente oracións e textos adaptados.	▪ Probas escritas
▪ h	▪ B4.2. Casos latinos.	▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	▪ LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	▪ CAA ▪ CCL	▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación ▪ Unidades 2 a 10	▪ Enumera os casos latinos e a súa función na oración.	▪ Probas escritas
			▪ LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	▪ CCL	▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación ▪ Unidades 2 a 10	▪ Traduce adecuadamente os diferentes casos latinos ao castelán o ao galego e traduce ao latín pequenas frases onde practica o seu uso.	▪ Probas escritas
▪ e	▪ B4.3. Concordancia.	▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa	▪ LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	▪ CCL	▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación ▪ Unidades 2 a 10	▪ Recoñece e aplica as principais regras de concordancia latina: suxeito-verbo, suxeito-atributo, adxectivo-substantivo e a concordancia da aposición.	▪ Probas escritas

Latín. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
		correspondencia no galego e no castelán.					
▪ b	▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	▪ LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	▪ CMCCT ▪ CCA ▪ CCL	▪ 2ª avaliación ▪ Unidade 5	▪ Recoñece a estrutura da oración simple. ▪ Distingue oracións atributivas e predicativas.	▪ Probas escritas
▪ e	▪ B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.	▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.	▪ LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CCL	▪ 2ª avaliación ▪ Unidade 5	▪ Recoñece oracións compostas copulativas, disxuntivas e adversativas.	▪ Probas escritas
▪ h	▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	▪ B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.	▪ LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízalas e tradúceas correctamente.	▪ CCL	▪ 3ª avaliación ▪ Unidade 10	▪ Identifica e traduce correctamente o participio de presente cando modifica a un substantivo e cos verbos <i>video</i> e <i>audio</i> . ▪ Traduce o infinitivo cando funciona como suxeito ou complemento dun verbo.	▪ Probas escritas
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización							
▪ a ▪ f ▪ e ▪ ñ	▪ B5.1. Períodos da historia de Roma.	▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu	▪ LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CD	▪ 1ª, avaliación ▪ Unidade 3	▪ Coñece os tres grandes períodos da historia romana (Monarquía, República e Imperio) e os feitos históricos e características máis destacadas dos mesmos, así como	▪ Probas escritas

Latín. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
		período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC CSC 	1ª avaliación Unidade 3	os feitos que determinaron o paso dunhas a outras. Enmarca no período correspondente os seguintes fitos históricos: a fundación de Roma, a instauración da República, as Guerras Púnicas, os triunviratos, a Paz Augusta, a máxima expansión do imperio á morte de Traxano, o Edicto de Caracalla, o Edicto de Milán, o Edicto de Tesalónica, caída do Imperio de Occidente, fin de Imperio romano de Oriente.	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas
			<ul style="list-style-type: none"> LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª avaliación Unidade 3 	<ul style="list-style-type: none"> Representa nun eixe cronolóxico feitos históricos como a fundación de Roma, a instauración da República, as Guerras Púnicas, a Paz Augusta, máxima expansión do imperio á morte de Traxano, o Edicto de Caracalla, o Edicto de Milán, o Edicto de Tesalónica, caída do Imperio de Occidente, fin de Imperio romano de Oriente. 	<ul style="list-style-type: none"> Técnica de solicitude de produtos.
			<ul style="list-style-type: none"> LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª avaliación Unidade 3 	<ul style="list-style-type: none"> Describe os seguintes feitos históricos e as súas consecuencias: a fundación de Roma, a instauración da República, as Guerras Púnicas, a Paz Augusta, a 	<ul style="list-style-type: none"> Probas escritas.

Latín. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
			que teñen lugar e as súas principais consecuencias.			romanización, máxima expansión do imperio á morte de Traxano, o Edicto de Caracalla, o Edicto de Milán, o Edicto de Tesalónica, caída do Imperio de Occidente, fin de Imperio romano de Oriente, e a romanización.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Organización política e social de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª e 2ª avaliación ▪ Unidades 3 e 6 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describe as características esenciais da Monarquía, a República e o Imperio. ▪ Coñece a función das principais institucións políticas: as maxistraturas, o Senado e as asembleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª avaliación Unidade 5 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece e describe as principais clases sociais e as súas características: patricios, plebeos, cidadáns (<i>nobiles, equites e clientes</i>) e non cidadáns (escravos e libertos). ▪ Coñece a situación da muller romana na sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. A familia romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª avaliación ▪ Unidade 9 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica os principais tipos de matrimonio romano (<i>in manu</i> e <i>sine manu</i>) e as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas

Latín. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
						<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica o papel do <i>pater familias</i>, a nai, os fillos, escravos, libertos e clientes na familia. ▪ Distingue na familia romana o parentesco natural (cognatio) e o parentesco civil (agnatio). ▪ Coñece a estrutura da <i>gens</i>. ▪ Coñece os elementos do nome dos cidadáns romanos. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1 ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª avaliación ▪ Unidade 8 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece e identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina: Xúpiter/Zeus, Xuno/Hera, Poseidón/Neptuno, Atenea/Minerva, Hades/Plutón, Deméter/Ceres, Apolo, Artemisa/Diana, Afrodita/Venus, Ares/Marte, Hermes/Mercurio, Hefesto/Vulcano, Dionisio/Baco, Eros/Cupido, Heracles/Hércules, Aquiles, Perseo, Teseo, Orfeo, Dédalo e Ícaro, Prometeo e Xasón. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas escritas

Latín. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos (concretados e distribuídos en unidades didácticas a continuación desta táboa)	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª avaliación ▪ Unidade 8 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica e sinala o mantemento do mito nos héroes do cómic, dos superhéroes e dos personaxes mediáticos da actualidade, e sinala semellanzas e diferenzas cos heroes clásicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Técnica de solicitude de produtos.
